

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 28 de maio de 2004, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, ás 9.00 horas en primeira convocatoria e ás 9.30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores ordinaria, celebrada o 20 de abril de 2004, e extraordinaria, celebrada o 18 de maio de 2004.
3. Aprobación de convenios.
4. Proposta de cambio de área, licencias e comisións de servizos.
5. Oferta de materias de libre elección para o curso 2004/2005.
6. Modificación do Plan de Estudos do Título propio de Graduado Superior en Xestión da Prevención e da Calidade.
7. Proposta de regulamento de avaliación por compensación.
8. Proposta de normativa sobre espazos sen fume.
9. Cobertura das vacantes producidas na Comisión de Bibliotecas.
10. Proposta de cambio de nome da Oficina de Acción Solidaria.
11. Proposta de equiparación retributiva dos Directores e Secretarios de Institutos universitarios de investigación e de redución docente dos Directores.
12. Proposta de delegación de competencias referidas aos complementos autonómicos do profesorado na Comisión de Organización Académica e Profesorado.
13. Proposta de normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado.
14. Proposta de modificación da quenda de tarde á de mañá da praza de secretario de dirección da Escola de Enfermería de Ferrol.
15. Nomeamentos e ceses.
16. Proposta de bases que rexirán a convocatoria do proceso selectivo para a constitución de listas de agarda para a contratación temporal de persoal que prestará servizos como axudantes de biblioteca.
17. Proposta de bases que rexirán o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos.
18. Proposta de resolución do recurso presentado por Dña. María Guillén Solórzano contra unha calificación.
19. Proposta de resolución dos recursos presentados contra a proposta de concesión de Premios Extraordinarios de Licenciado do curso 2002/2003.
20. Proposta de concesión de Premios Extraordinarios de Licenciado do curso 2002/2003 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
21. Debate sobre a posición adoptada pola Universidade no contencioso sobre a RPT.
22. Rogos e preguntas.

A documentación completa relativa aos puntos 2, 15, 18 e 19 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade, atopándose unha copia na Secretaría Xeral Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria documentación relativa aos puntos 3, 4, 5, 6, 7, 8, 11, 13, 16, 17 e 20.

Os membros do Consello poden aparcar no patio interior do Reitorado durante o tempo que dure a sesión.

A Coruña, a 24 de maio de 2004

A SECRETARIA XERAL

Asdo. Patricia Faraldo Cabana

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO